

## Orde do Día Proposta da sesión /XGL 6/2018


Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Dna. María Rozas Pérez  
D. Jorge Carlos Duarte Vázquez  
Dna. Branca Petra Novo Rey  
Dna. Concepción Fernández Fernández  
D. Xan Xesús Duro Fernández  
D. Manuel Dios Diz  
Dna. Marta Irene Lois González  
D. Rafael Peña Vidal

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar o día **19 de xaneiro de 2018, ás 09:30 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

### ORDE DO DÍA

- 1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras para reforma de edificación destinada a escola infantil "Santa Susana" sita no Paseo da Alameda. LIC/1824/2017.
- 2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á inadmisión a trámite do recurso de reposición formulado contra o acordo de concesión de licenza da sesión de 08/09/2017. LAP/125/2016.
- 3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao inicio da avaliación ambiental da modificación puntual do Plan Parcial do SUNP-22 para a reordenación de volumes no Quinteiro 16. CASTRO DE ABAIXO.
- 4.- Proposta de concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das obras de mellora e rehabilitación dos pavimentos nos viais das parroquias de Villestro, O Eixo e Aríns (PAS-OBRASSUM/2015).



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

5.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á selección da operación "Infraestrutura TIC para Administración Electrónica e Innovación", co fin de ser tramitada a súa aprobación perante a autoridade de Xestión do Programa operativo de Crecemento Sostible.

6.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á prórroga do contrato de aluguer de local para uso sociocultural no barrio de Casas Novas.

7.- Aprobación do proxecto modificado das obras de ampliación de medidas correctoras para o estadio de San Lázaro, segundo o estudio integral de patoloxías, fase I e II.

8.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre os concellos de Santiago, Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda, e a Deputación da Coruña para o financiamento da redacción/actualización de proxectos da Vía Verde.

9.- Dar conta do decreto da concelleira delegada de Economía e Facenda relativo á prórroga do orzamento municipal do concello de Santiago do exercicio 2017, para 2018.

10.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

11.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2018

**O Alcalde**

**Asdo:Martiño Noriega Sánchez**